

PROBA DE ACCESO AOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO

CURSO 2023.24

1.- REQUISITOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES.

Poderán participar na proba de acceso aos ciclos formativos de grao medio as persoas que non cumpran os requisitos académicos exixidos para acceder a eles (Título ESO ou Formación Profesional Básica) e teñan **dezasete anos ou os fagan no ano natural de celebración da proba.**

2.- ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DA PROBA.

A proba organízase en tres partes:

a. **PARTE SOCIOLINGÜÍSTICA:**

- **Lingua Castelá.**
- **Lingua Galega.**
- **Ciencias Sociais.**

b. **PARTE MATEMÁTICA:**

- **Matemáticas.**

c. **PARTE CIENTÍFICO-TÉCNICA:**

- **Ciencias da natureza.**
- **Tecnoloxía.**

3.- DATAS E LUGARES DE INSCRICIÓN.

- **Preferiblemente, Por vía electrónica,** a través do formulario normalizado de solicitude, anexo I (código de procedemento ED312C), dispoñible na aplicación informática “Ciclosprobas”.
- <https://www.edu.xunta.gal/ciclosprobas/PaxinaInicio.do>
- **Tamén se poderán presentar as solicitudes na secretaría de calquera centro docente público da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que imparta ciclos formativos de formación profesional no curso académico 2023-2024.** As persoas interesadas deberán cubrir a solicitude a través da aplicación Ciclosprobas (<https://www.edu.xunta.gal/ciclosprobas/PaxinaInicio.do>), que xerará un documento en formato PDF co formulario normalizado de solicitude, anexo I (código de procedemento ED312C), que a persoa interesada deberá imprimir e posteriormente presentar no centro de inscrición. No caso de solicitantes menores de idade, poderán realizar a solicitude a través da aplicación informática as persoas titulares da patria potestade ou os representantes legais.

O prazo de presentación de solicitudes estará abranguido entre os días 26 de febreiro ao 8 de marzo de 2024, ambos os dous incluídos.

A relación provisoria de persoas admitidas e excluídas farase pública o día 15 de marzo. Poderanse presentar reclamacións desde o día 18 ao día 22 de marzo, ambos os dous incluídos.

A relación definitiva de persoas admitidas e excluídas farase pública o día 19 de abril.

4.- REALIZACIÓN DA PROBA.

A proba realizarase o 23 de maio de 2024, no seguinte horario:

- **Presentación: ás 9:00 horas.**
- **Partes matemática e sociolingüística da proba: – Das 09:30 ás 13:00 horas (Matemáticas, Lingua galega, Lingua castelá e Ciencias sociais).**
- **Parte científico-técnica da proba: – Das 16:00 horas ás 18:00 horas (Ciencias da natureza e Tecnoloxía).**

As persoas inscritas deberán presentar, para a realización da proba, o seu documento oficial de identidade e a copia da folla da solicitude de inscrición.

*****O día 19 de abril farase público o lugar ou os lugares onde se realizarán as probas. Esta listaxe publicarase nos centros de inscrición e na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/fp>.**

5.- CUALIFICACIÓNS.

- A lista provisoria de cualificacións farase pública o 3 de xuño.
- Posteriormente ábrese un prazo de reclamación: 3 a 7 de xuño.
- A relación definitiva de cualificacións farase pública o día 21 de xuño.

[Podedes atopar toda a información no seguinte enlace:
https://www.edu.xunta.gal/fp/acceso-grao-medio-convocatoria-actual](https://www.edu.xunta.gal/fp/acceso-grao-medio-convocatoria-actual)